

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 21 DE FEBREIRO DE 2022

### **1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00008318W.**

#### **Aprobación de actas de sesións anteriores.**

Apróbanse as actas correspondentes ás seguintes sesións:

- Extraordinaria e urxente de data 11 de febreiro de 2022.
- Ordinaria de data 14 de febreiro de 2022.
- Extraordinaria e urxente de data 16 de febreiro de 2022.

### **2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00016200C.**

#### **Licenza obra maior**

Acórdase:

Primeiro: Aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 05/11/2021, outorgada ante Notario co número de protocolo tres mil cento oitenta e un. Deberase presentar a escritura liquidada no prazo dun mes.

Segundo: Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 31/08/2021 e a documentación presentada na data 13 e 16 /09/2021, cun orzamento de execución material de 104.443,10 €, a rehabilitación de vivenda situada na Rúa Vite de Abaixo, 49 Santiago de Compostela (A Coruña).

### **3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00046135D.**

#### **Licenza obra maior**

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 04/01/2022 cun orzamento de execución material de 6.076,99 €, a execución dunha piscina privada na Rúa Sarela de Abaixo, 20 Santiago de Compostela (A Coruña).

### **4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00037710W.**

#### **Licenza obra maior**

Acórdase conceder á Comunidade de Propietarios Celso Emilio Ferreiro 5 licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución con selo de visado de data 04/06/2021, cun orzamento de execución material de 40.738,55 €, a instalación dun ascensor no interior do edificio de vivendas colectivas situado na Rúa Celso Emilio Ferreiro, 5 (ED Vite Ámbito 4) Santiago de Compostela (A Coruña).

### **5. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00043506W.**

#### **Licenza de obra maior**

Acórdase conceder á Comunidade de propietarios García Lorca 4 licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 02/09/2021 cun orzamento de execución material de 87.777,57 €, a instalación de ascensor no edificio situado na Rúa García Lorca, 4 Santiago de Compostela (A Coruña).

**6. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00032479S.**

**Licenza obra maior**

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 01/07/2021 e a documentación presentada na data 30/12/2021, 03/01/2022 e o 27/01/2022, cun orzamento de execución material de 202.157,49 €, a construción dunha vivanda unifamiliar con piscina privada na Rúa Campiña, 8 Santiago de Compostela (A Coruña).

**7. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00023141S.**

**Licenza obra maior**

Acórdase:

Primeiro: Aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 03/08/2020, outorgada ante Notario co número de protocolo novecentos.

Segundo: Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 01/06/2020 e a documentación presentada o 08/09/2021, 02/12/2021 e o 29/12/2021, cun orzamento de execución material de 179.041,01 euros, a construción dunha vivanda unifamiliar en Camiño dos Vilares, Santiago de Compostela (A Coruña).

**8. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00027759X.**

**Licenza obra maior**

Acórdase:

Primeiro: Aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 21/07/2021, outorgada ante Notario co número de protocolo 1476. Deberase presentar a escritura liquidada no prazo dun mes.

Segundo: Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 17/06/2021 cun orzamento de execución material de 165.367,76 €, a construción dunha vivanda unifamiliar illada na Rúa da Cañoteira, 32 Santiago de Compostela (A Coruña).

**9. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00008605H.**

**Licenza obra maior**

Acórdase rectificar o acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela do 17/01/2022, no sentido de aclarar e para facer constar que onde di

"..Licenza de obra menor...." debe dicir "*Licenza de obra maior.....*"

E no cadro, onde di "*..Parcela con Referencia Catastral 9284482NH3498C0001BY..*" debe dicir "*.. Parcela con Referencia catastral 9284477NH3498C0000QT...*" ratificando as restantes disposicións da resolución concedida.

**10. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00029868A.**

**Licenza obra maior**

Acórdase:

Primeiro: Aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 18/11/2021, outorgada ante Notario co número de protocolo 2273. Deberase presentar a escritura liquidada no prazo dun mes.

Segundo: Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado 30/06/2021 cun orzamento de execución material de 36.690,98 €, a construción de vivanda unifamiliar en Ponte Grixoa Santiago de Compostela (A Coruña).

## **11. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00032018Z.**

### **Licenza de parcelamento**

Acórdase:

Primeiro: Aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 04/10/2021, outorgada ante Notario co número de protocolo mil seiscientos oitenta e cinco.

Segundo: Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto presentado na data 07/07/2021 e a documentación presentada o 17/01/2022, o parcelamento da finca situada no Lugar Xesteira,3 Santiago de Compostela (A Coruña) nas seguintes parcelas de resultado:

.- **PARCELA RESULTADO 2.** Superficie neta: 1592 m2. Solo Clasificado como Solo Núcleo Rural Categoría Consolidado e Cualificado Ordenanza 14. De expansión dos núcleos rurais.

.- **PARCELA RESULTADO 3.** Superficie neta: 1.036,00 m2. Solo Clasificado como Solo Núcleo Rural Categoría Consolidado e Cualificado Ordenanza 14. De expansión dos núcleos rurais.

.- **PARCELA RESULTADO 4.** Superficie neta: 943,00 m2. Solo Clasificado como Solo Núcleo Rural Categoría Consolidado e Cualificado como Ordenanza 13. De núcleos rurais e Ordenanza 14. De expansión dos núcleos rurais.

.- **PARCELA RESULTADO 5 FINCA MATRIZ.** Superficie neta: 1.646,00 m2. Solo Clasificado como Solo Núcleo Rural Categoría Consolidado e Cualificado como Ordenanza 13. De núcleos rurais e Ordenanza 14. De expansión dos núcleos rurais.

Construcións: vivenda de PB+P1ª 162 m2 en planta máis almacén de 18 m2 en planta e outro almacén de 117 m2, total superficie construída de 459 m2c.

.-**CESIÓN Sup 436,00m2s**

As licenzas entenderanse outorgadas salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

## **12. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1227/2020.**

### **Rectificar acordo de concesión de licenza obra maior**

Acórdase rectificar o acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela do 30 de agosto de 2021, no sentido de aclarar e para facer constar que onde di "...33B..." debe dicir "... 33D ..." ratificando as restantes disposicións da resolución concedida.

## **13. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: 2021/00042697K.**

### **Licenza de obras para aparcamento na R/Castela e León, 41**

Acórdase conceder a VEGONSA 1939, S,L. licenza de obras para aparcamento na RUA CASTELA E LEÓN, 41, parcela I3b01a do Proxecto de reparcelación do Polígono da Sionlla-RC, segundo Proxecto técnico e anexo co visado colexial data 07/09/2021 e 05/11/2021, cun orzamento de execución material de 225.208 €. As obras consisten na adecuación de parcela para 73 prazas de aparcamento.

A parcela está situada en solo clasificado como urbanizable no PXOM vixente e cualificado coa *Ordenanza 3. Edificación exenta. Variante 3C do Proxecto sectorial* do Parque Empresarial de Santiago de Compostela da Sionlla.

## **14. PLANEAMENTO. Referencia: 2021/00057687S.**

### **Solicitude de inicio de avaliación ambiental estratéxica simplificada do Plan especial de infraestruturas e dotacións na parcela de equipamento IA-8. Plataforma loxística de Mallou**

Acórdase:

Primeiro. Remitir á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental a solicitude de inicio do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada do Plan especial de infraestruturas e dotacións na parcela de equipamento IA-8 para a implantación da plataforma loxística de Mallou, formulado de oficio polo Concello de Santiago.

A solicitude achegarase do Documento ambiental estratéxico e do Borrador do plan asinados o 11 de febreiro de 2022 pola arquitecta municipal de Planeamento. Segundo explica no borrador do plan, a parcela IA-8 está incluída neste sector coa cualificación de sistema xeral de equipamento. O documento define catro zonas de ordenación que organizan funcionalmente a parcela:

- Área de movemento da edificación (AME), no centro da parcela

- Espazos libres da parcela (ELP), arredor da área da AME, destinada á circulación, manobra e estacionamento dos vehículos.
- Itinerario peonil/reserva viaria (IP-RV), que ten por obxecto permitir no futuro o enlace desde a Av. Do Cruceiro da Coruña co viario do sector SUD-1.
- Itinerario peonil/área de amortecemento (IP-AA). Establécese unha franxa arborada de proección ou amortecemento, situada no borde oeste do ámbito, en contacto coas parcelas das edificacións que dan fronte á rúa de Malloue a avenida do Cruceiro da Coruña co viario do sector SUD-1.

Segundo. Solicitar do órgano ambiental que dea cumprimento aos trámites esixidos pola lexislación aplicable na materia (75.3 da LSG, 186.3 do seu Regulamento de desenvolvemento, e 30 e seguintes da LAA).

#### **15. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00024118A.**

##### **Autorización da recepción das obras do espazo cuberto de usos múltiples para o barrio de Santa Marta – A Choupana (CON 79/2020).**

Autorízase o inicio de trámites para proceder a recepción das obras de execución das obras do proxecto básico e de execución de espazo cuberto de usos múltiples para o barrio de Sta. Marta-Choupana (CON/79/2020) nomeando representante da administración á técnica municipal e responsable das obras de referencia. Deberá comunicárselle á Intervención Municipal, lugar e hora para concorrer ao acto de recepción.

#### **16. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00042100E.**

##### **Adxudicar a Subministración dunha rede de telecomunicacións e mobilidade para a solución de administración electrónica do Concello de Santiago de Compostela, cofinanciada polo fondo europeo de desenvolvemento rexional dentro do programa operativo FEDER plurirrexional de España 2014-2020.**

Acórdase:

- Aprobar o gasto necesario para o financiamento do contrato con cargo á aplicación orzamentaria 030 92001 6260000 (2018-2-EDUSI-6 1 PLATAFORMA PARA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA) por un importe de 275.000,00 €, IVE engadido.

Terceiro.- Adxudicar o contrato que ten por obxecto a “Subministración dunha rede de telecomunicacións e mobilidade para a solución de administración electrónica do Concello de Santiago de Compostela, cofinanciada polo fondo europeo de desenvolvemento rexional dentro do programa operativo FEDER plurirrexional de España 2014-2020”, á empresa ACUNTIA, SAU. por un importe total de **197.681,41 €** (Base imponible: 163.373,07 € e IVE 21%: 34.308,34 €).

O gasto imputarse á aplicación orzamentaria 030 92001 6260000 (2018-2-EDUSI-6 1 PLATAFORMA PARA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA) conforme a seguinte anualidade e importe: Anualidade 2022: 197.681,41 €

Esta actuación forma parte da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible Integrado do Concello de Santiago (EDUSI Santiago) cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Operativo Plurirrexional de España 2014-2020 nun 80% sendo o 20% restante con cargo a dotación económica municipal.

#### **17. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00044248P.**

##### **Aprobación do expediente de licitación da subministración de combustible líquido, pago de peaxes, de autoestradas, subministración de material de mantemento básico (aditivo AdBlue e lubricante) dos vehículos do parque móbil do Concello de Santiago de Compostela; apertura do procedemento de adxudicación e autorización do gasto.**

Apróbase o expediente que ten por obxecto a licitación da *subministración de combustible líquido, pago de peaxes, de autoestradas, subministración de material de mantemento básico (aditivo AdBlue e lubricante) dos vehículos do parque móbil do Concello de Santiago de Compostela*, abrir

o procedemento de adxudicación e autorizar un gasto total por importe de **192.793,60 euros** que se corresponde co Importe Base de Licitación (Base Imponible de 159.275,70 euros e IVE do 21% de 33.447,60 euros) que se imputará á aplicación orzamentaria 030 92000 2210300. A desagregación anual deste gasto é a seguinte:

2022 (8 meses): 64.241,20 €

2023 (12 meses): 96.361,80 €

2024 (4 meses): 32.120,60 €

**TOTAL: 192.793,60 euros**

O gasto de exercicios futuros queda supeditado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, ao abeiro do establecido no artigo 174 do Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de maio polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais e no artigo 79 e seguintes do Decreto 500/90

#### **18. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00007479Z.**

**Recoñecemento do dereito á devolución a AUTOS IGLESIAS, SL, adxudicataria do contrato “Subministración mediante “renting” de oito (8) vehículos monovolumen para a policía local”, de cantidades que foron ingresadas a maiores indebidamente na Tesourería municipal polos quilómetros non consumidos CON/15/2016**

Acórdase:

Primeiro.- Recoñecer o dereito á devolución a AUTOS IGLESIAS, SL, adxudicataria do contrato “Subministración mediante “renting” de oito (8) vehículos monovolumen para a policía local”, das seguintes cantidades que foron ingresadas a maiores indebidamente na Tesourería municipal polos quilómetros non consumidos:

1.672,62 € renting 1º ano, 1.453,94 € renting 2º ano, 2.508,36 € renting 3º ano e 1.734,40 € renting 4º ano.

Segundo.- Notificar este acordo á empresa AUTOS IGLESIAS, á Intervención Municipal e a Tesourería Municipal.

#### **19. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: AMPLIACIÓN DO PRAZO DO REQUIRIMENTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE 31 DE XANEIRO DE 2022, Á ENTIDADE KAPSCH.**

**Ampliación do prazo do requirimento acordado pola Xunta de Goberno de 31 de xaneiro de 2022, á entidade Kapsch, en relación co contrato CON/53/2019**

Acórdase ampliar o prazo de dez días naturais outorgado polo Requirimento, por cinco días naturais adicionais a contar desde a finalización do prazo inicialmente conferido, nos termos previstos no aert. 32 da LPACAP.

#### **20. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: HABILITACIÓN DE NOVAS PRAZAS DE APARCAMENTO DE RESIDENTES, ZONA 6 SAR.**

**Habilitación de novas prazas de aparcamento para residentes da zona 6, Sar.**

Apróbase a delimitación dun novo ámbito de aparcamento para residentes da zona 6 de Sar, na parcela alugada polo Concello á Asociación Folklórica Colexiaga de Sar, ó carón dos terreos do campo de Fútbol das Brañas de Sar, habilitando unhas 30 prazas de aparcamento e suprimindo as existentes na vía que dá acceso a dita parcela.

Darase publicidade a este acordo mediante anuncio nos xornais de maior difusión na localidade e na páxina web do Concello.

#### **21. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: 2021/00029753A-Xoán XXIII.**

**Aprobación do proxecto de ACTUACIÓNS DE MANTEMENTO NA PLATAFORMA DA AVENIDA DE XOAN XXIII**

Apróbase a intervención promovida polo Departamento municipal de Obras e Proxectos consistentes nas ACTUACIÓNS DE MANTEMENTO NA PLATAFORMA DA AVENIDA XOÁN XXIII segundo o PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN de data 25/10/2021. O técnico que subscribe

informa que a actuación prevista cumpre coa normativa do *Plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica PE-1*.

O proxecto contempla unha serie de actuacións sobre os pavimentos, paramentos, vidros e perfilería da marquesiña peonil, cerraxería e mobiliario urbano na plataforma, de cara a mellorar e/ou preservar o actual estado de conservación.

## **22. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: 2022/7115H.**

### **Aprobación do proxecto de Actuacións de mellora no pavimento de varios viais no Polígono do Tambre.**

Apróbase o proxecto. As actuacións previstas consisten na mellora vial, mediante o fresado da capa de rodaxe que se atopa en mal estado e a posterior aplicación de 5 cm de mestura bituminosa, realizándose o saneo do firme nas zonas máis deterioradas. Finalmente procederá a pintar os viais obxecto da actuación. O prezo de adxudicación sería de 120.000 euros e o prazo de execución de 2 meses.

## **23. EDUCACIÓN. Referencia: ACTUALIZACION ORDE CONTINUIDADE CON14/2012.**

### **Actualización da orde de continuidade da prestación do servizo de conserxería, limpeza e control das instalacións dos centros públicos de educación infantil e primaria (CEIP) dependentes do concello de Santiago de Compostela.**

Acórdase actualizar e manter a orde á empresa UTE FERROVIAL SERVICIOS, S.A. e FERROSER SERVICIOS AUXILIARES, S.A.+ FERROSER SERVICIOS AUXILIARES, S.A., de continuidade na prestación dos servizos derivados do contrato de prestación integral dos SERVIZO DE CONSERXERÍA, LIMPEZA E CONTROL DAS INSTALACIÓNS DOS CENTROS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA (CEIPS) DEPENDENTES DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA nas mesmas condicións nas que o viña facendo e polo tempo imprescindible para adxudicar un novo contrato.

## **24. EDUCACIÓN. Referencia: 2022/00005332Y.**

### **Solicitud á Deputación da Coruña para o Programa de subvencións a concellos e entidades locais para o mantemento de conservatorios, escolas de música e escolas de danza municipais durante o ano 2022 (FO207/2022)**

Acórdase:

1. Solicitar unha subvención de 10.000,00 € para o mantemento da Escola Municipal de Música de Santiago de Compostela durante o ano 2022.
2. Autorizar para que a Deputación da Coruña poida obter as certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social no momento de recoñecer as obrigas e ordenar os pagamentos das subvencións.

## **25. EDUCACIÓN. Referencia: 2022/00006665M.**

### **Aprobación das Bases do XV Premio Internacional “Compostela” para Álbums Ilustrados.**

1.- Apróbanse as bases do XV Premio Internacional “Compostela” para álbums ilustrados que convoca o Departamento de Educación do Concello de Santiago de Compostela coa editorial Kalandraka.

2.- O gasto irá con cargo á aplicación orzamentaria 080.32600.4890100, dos orzamentos do exercicio 2021 prorrogados ao 2022.

O premio está dotado coa cantidade de 9.000 euros, de acordo co seguinte reparto:

Á conta do Concello de Santiago de Compostela.

Aplicación orzamentaria 080.32600.4890100.....8.000,00 euros

Á conta de Kalandraka Editora ..... 1.000,00 euros

O prazo de presentación de orixinais ábrese coa publicación das bases no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e remata o 13 de maio de 2022.

**26. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2021/00020328P.**

**Resolución de incidencias de bolsas de comedor, adquisición de material escolar e realización de actividades extraescolares para o alumnado de centros docentes públicos e concertados sostidos con fondos públicos de Educación Infantil (segundo ciclo) e de Educación Primaria obrigatoria do Concello de Santiago de Compostela, para o curso 2021/2022.**

Acórdase:

PRIMEIRO.- Aprobar as renuncias presentadas na convocatoria de bolsas de comedor por catro solicitantes.

SEGUNDO.- O importe inicial verase reducido na contía de 2.965,50 €, na anualidade 2022, quedando totalizada a anualidade 2022 na contía de 384.757,00 €, en lugar de en 387.722,50 €, o que provoca que a convocatoria 2021-2022 quedará totalizada na contía de 640.229,80 €, en lugar de en 643.195,30 €.

TERCEIRO.- Dita resolución deberá ser notificada ás persoas interesadas consonte ao establecido nos artigos 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo.

**27. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00008318W.**

**Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.**

Tómase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 11 ao 17 de febreiro de 2022.

**URXENCIAS**

**28. Licenza obra maior. 2021/00053116K**

Acórdase CONCEDER a HOTEL DEL PEREGRINO, S.L. licenza de OBRAS DE REFORMA de hotel sito na AVDA ROSALÍA DE CASTRO, 131, segundo Proxecto técnico con data de rexistro de 23/11/2021 e anexos con data de rexistro de 26/12/2022 e 22/12/2022, cun orzamento de execución material de 1.700.000 euros. As actuacións consisten na reforma de hotel de 297 prazas.

A edificación está situada en solo clasificado como urbano no PXOM vixente e cualificado coa ordenanza 4 de edificación aberta do PXOM.

**29. Dación de conta á Xunta de Goberno Local do Auto recaído no Procedemento Abreviado 40/2021 ditado polo Xulgado Contencioso Administrativo núm. 1.**

Dase conta do auto nº 11/2022 do 1 de febreiro do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2

**Obxecto:** Contra resolución denegatoria de solicitudes de axudas sociais ano 2018.

O Auto ten por desistidos no recurso ás persoas demandantes. Sobresee o procedemento respecto aos extremos interesados na demanda e decreta a súa finalización e arquivo. Impón as custas aos demandantes cun límite de 300 euros. Contra o auto non cabe recurso ordinario ningún.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento do Auto.

2. Remitir ao Departamento de Persoal para os efectos do seu coñecemento.

**30. Dación á Xunta de Goberno Local de sentenza recaída no PA 107/2020 CA1.**

Dase conta da sentenza 36/2022 do Xulgado Contencioso Administrativo nº 1

Procedemento: Procedimiento abreviado 107/2020

Obxecto: Recurso contencioso-administrativo contra resolución que recoñece incentivo por xubilación de 8 mensualidades íntegras fronte ás 33 mensualidades pretendidas de contrario.

A sentenza é favorable aos intereses municipais pois recoñece a conformidade a dereito da resolución impugnada. Nela reproducense todos os argumentos expostos pola defensa do concello. Contra a sentenza non cabe impoñer recurso ningún. Impóñense as custas á reclamante cun máximo de 400 euros

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.

2. Remitila ao Departamento de Persoal para os efectos do seu coñecemento.

### **31. Dación a Xunta de Goberno de sentenza recaída no PA 162/2020 CA1**

Dase conta da sentenza 34/2022 do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1

Obxecto: Recurso contencioso-administrativo por desestimación presunta da reclamación patrimonial por danos en vehículo. Contía reclamada: 364,72 euros

A sentenza é parcialmente desfavorable aos intereses municipais. Nela apréciase culpa compartida entre o Concello (60%) e a conductora (40%) ao entender que o feito de se producir o sinistro a plena luz do día, non exime de responsabilidade ao concello, que ten a obriga de manter as vías no estado de conservación adecuado. A sentenza declara o dereito da actora a ser indemnizada na cantidade de 218,832 euros xunto cos intereses legais dende a reclamación administrativa.

Contra a sentenza non cabe impoñer recurso algún. Non se fai expresa imposición de custas.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Departamento de Vicesecretaría para os efectos da súa execución.

### **32. Dación de conta á Xunta de Goberno local da sentenza recaída no Procedemento Abreviado 359/2021 ditada polo Xulgado Contencioso Administrativo núm. 2**

Dase conta da sentenza 45/2022 do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 2

Obxecto: Recurso contencioso-administrativo contra a resolución da Concellaría de Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da administración local de Santiago de Compostela que se desestima recurso de reposición interposto contra a autoliquidación 3003090 xirada pola liquidación do IIVTNU. Contía reclamada: 6.893,73 euros. A sentenza é desfavorable aos intereses municipais. Contra a sentenza non cabe impoñer recurso ningún. Non se efectúa expresa imposición das custas.

Acórdase

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Departamento de Xestión Tributaria para os efectos da súa execución.

### **33. Dación de conta á Xunta de Goberno Local da sentenza recaída no procedemento PO 302/2019 XS3.**

Dase conta da sentenza nº 074/2022

Obxecto: trienios e produtividade do persoal do CSC Ensanche.

A sentenza é desfavorable para o Concello, recorrible en suplicación. O xulgado desestima a excepción de xurisdición alegada polo Concello (o plus e o sobranse repártense en virtude dun acto administrativo firme e consentido que ademais está sometido a Dereito administrativo); e estima a demanda en todo o solicitado, fixando as contías respectivas. Contra esta resolución cabe interpoñer recurso de suplicación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Non interpoñer recurso de suplicación.
3. Remitir ao Servizo de Persoal para a súa execución.

### **34. Dación de conta á Xunta de Goberno Local da sentenza recaída no procedemento PA 306/2021 CA2.**

Dase conta da sentenza nº 043/2022

Obxecto: responsabilidade patrimonial por danos nunha man no momento de tirar o lixo nun contedor.

A sentenza é parcialmente favorable para o Concello, non recorrible en apelación. A sentenza estima en parte a pretensión do actor. A estimación parcial ven, en primeiro lugar, no xuízo de imputabilidade: dado o estado do contedor (sen pedal nin asa na tapa), o xulgado cualifica a conduta do demandante de “descuidada”, cunha manobra “*perigrosa e imprudente*”. Así, e sen ningún tipo de xustificación, reparte as responsabilidades: 70% para o Concello, e 30% para o demandante.

E segundo, con respecto á contía reclamada (7.288,86 euros), o xulgado “bota en falta” unha pericial médica que xustifique o dano e, por conseguinte, a súa valoración económica. A cantidade Ascendería, polo tanto a 3.792,12 euros; que, reducidas nun 30%, quedan en 2.654,48 euros.



Ao tratarse dunha estimación parcial non hai condena en custas contra o Concello. Contra esta resolución non cabe interpoñer recurso.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Secretaría para a súa execución.

**35. Dación de conta á Xunta de Goberno Local da sentenza recaída no procedemento PA 358/2021 CA2.**

Dase conta da sentenza nº 044/2022

Obxecto: responsabilidade patrimonial por danos en vehículo a consecuencia da caída dunha póla. A sentenza é parcialmente favorable para o Concello, non recorrible en apelación. A sentenza estima en parte a pretensión principal, declarando a responsabilidade da administración polos danos sufridos no vehículo do demandante, a consecuencia da caída dunha póla, sen existencia de forza maior eximente. O interesado viña de reclamar 590,03 euros, con base no ditame de perito. O Concello cuestionou esta valoración, ao non aportarse factura pola reparación. Sen embargo, o xulgado considera que a valoración é correcta e axustada. Non obstante, ao constar unha franquicia no contrato de seguro, aquel reduce a contía a abonar ao interesado, fixándoa en 280 euros. Ao tratarse dunha estimación parcial non hai condena en custas contra o Concello.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Secretaría para a súa execución.

**36. Acordar a suspensión temporal total das obras de execución do proxecto de adecuación, selado e clausura do vertedoiro de Aríns CON/15/2021.**

Acórdase:

Primeiro: A suspensión temporal total das obras de execución do proxecto de adecuación, selado e clausura do vertedoiro de Aríns CON/15/2021. O contratista non terá dereito a ningunha indemnización de danos e prexuízos durante a suspensión das obras.

O contrato reiniciarase unha vez que, a proposta do responsable do contrato, se adopte o acordo de levantamento da suspensión que lle será comunicado ao contratista.

Segundo: Notificarlle este acordo a EXPLOTACIONES GALLEGAS SL e á dirección facultativa o presente acordó.

**38. Autorizar o inicio de trámites para a recepción das obras de acondicionamento de aparcadoiro na parcela RE-4 colindante coa escola de música e reurbanización da rúa Altiboia. Fase I - aparcadoiro (Exp. CON/18/2020).**

Acórdase:

Primeiro: Autorizar o inicio de trámites para a recepción das obras de acondicionamento de aparcadoiro na parcela RE-4 colindante coa escola de música e reurbanización da rúa Altiboia. Fase I - aparcadoiro (Exp. CON/18/2020).

Previamente ao acto de recepción e co fin de acreditar a idoneidade das obras para a súa recepción, o contratista e a dirección facultativa deberán achegar o certificado da finalización efectiva da obra e, en todo caso, a documentación que figura no informe do arquitecto supervisor municipal de 26/01/2022.

Segundo: Nomear representante da administración ao técnico municipal supervisor destas obras,

Terceiro: Ordenar que se comunique á Intervención Municipal o lugar, día e hora do acto de recepción.

**39. Dinamización e mediación sociocultural da rede de centros cívicos do Concello de Santiago de Compostela (CON/57/16)**

Acórdase:

Primeiro: Iniciar, a proposta do responsable do contrato, o procedemento de imposición de penalidades a FERROVIAL SERVICIOS SA, contratista servizo de dinamización e mediación sociocultural da rede de centros cívicos do Concello de Santiago de Compostela (CON/57/2016).

Segundo: Solicitarlle ao Servizo de Informática que nun prazo de dez días hábiles emita informe para que tipifiquen o incumprimento da prestación para a imposición da penalidade que corresponda ao abeiro do establecido no PACP.

Terceiro: Notificar este acordo a FERROVIAL SERVICIOS SA e darlle un prazo de quince días hábiles para que presente as alegacións que considere. Durante este prazo estará á súa disposición o expediente, para os efectos de que consulte e solicite copia de todos os informes e documentación que considere.